

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS A CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE CONVERSA COA FINALIDADE DE MELLORAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO EN LINGUAS ESTRANXEIRAS

A Orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 28 de decembro de 2022, publicada no DOG do 23 de xaneiro de 2023, regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a contratación de auxiliares de conversa coa finalidade de mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras (código de procedemento ED504E).

Con data 14 de abril de 2023 publicouse no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a resolución provisional de centros docentes beneficiarios e non beneficiarios das axudas co importe asignado a cada centro educativo. Abriuse un prazo de 10 días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias ante a presidencia da comisión de acordo co establecido no artigo décimo primeiro da Orde do 28 de decembro de 2022.

Unha vez transcorrido o prazo de reclamacións ou renuncias, logo de analizalas e resoltas as reclamacións presentadas contra a resolución provisional e segundo os termos do establecido no artigo décimo segundo da ORDE do 28 de decembro de 2022 pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a contratación de auxiliares de conversa coa finalidade de mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras (código de procedemento ED504E), faise pública a resolución definitiva dos centros beneficiarios e non beneficiarios das axudas e a cantidade asignada a cada centro educativo (Anexo I).

A resolución definitiva será ditada polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade e publicarase no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal>) e no Diario Oficial de Galicia no prazo máximo de tres meses, contado desde o remate do prazo de solicitude.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou, directamente, un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, e ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme os artigos 10, 14 e 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela.

Judith Fernández Novoa
Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

